

■ AXUDAS A PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR ERTE COMO CONSECUENCIA DA COVID-19 (DOG n.º 184 - Xoves, 23 de setembro de 2021)

Axuda extraordinaria para as persoas traballadoras que se encontren afectadas por un ERTE derivado da covid-19, con suspensión total ou parcial do seu contrato.



QUEN PODE BENEFICIARSE DA AXUDA?

Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas que reúnan os seguinte requisitos:

- Persoas traballadoras por conta allea, incluídas as fixas descontínuas, ou socias traballadoras de sociedades laborais e de cooperativas de traballo asociado en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia que se viron afectadas por expedientes de regulación temporal de emprego a consecuencia da covid-19.
- Que se encontren incluídas nun ERTE no período do 14 de marzo de 2020 ao 31 de xullo de 2021, ambos inclusive, ao menos 12 meses, aínda que sexa de maneira interrompida.
- Que o importe de todos os rendementos declarados durante o período impositivo 2020 no imposto sobre a renda de persoas físicas non excedese de 14000 euros.

CAL SERÁ A CONTÍA DA AXUDA?

A contía da subvención consistirá nunha axuda de 500 euros por persoa beneficiaria, ata esgotar os fondos habilitados no orzamento previsto para este fin.

(A concesión das axudas priorizarase en función da duración da situación en ERTE durante o período comprendido entre o 14 de marzo de 2020 e o 31 de xullo de 2021, de forma que terán prioridade as persoas que estivesen máis días afectadas por un ERTE derivado da covid-19, con suspensión total ou parcial do seu contrato, durante este período. De existiren varias persoas con idéntica situación, atenderase á orde de presentación das solicitudes).

COMPATIBILIDADE

As axudas recibidas ao abeiro desta orde non serán compatibles coas axudas ás persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación temporal de emprego (ERTE ETOP) de suspensión de contratos ou redución da xornada (Orde do 19 de xuño de 2020).

DOCUMENTACIÓN

As persoas interesadas que reúnan os requisitos esixidos deberán achegar, canda a solicitude (anexo I), o Informe de vida laboral da persoa solicitante, emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, polo período comprendido entre o 14 de marzo de 2020 e o 23 de setembro de 2021.

SOLICITUDE E PRAZO

O prazo para presentar solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da presente orde (23/9/2021).